



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Procedemento

Código SIA

Expediente: PLN/2023/11

Trámite Acta.- Acta de sesión ordinaria realizada con data 26.07.2023

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO CON DATA VINTE E SEIS DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E TRES

Cadro de asistencias	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María del Pilar Díaz Otero	Asiste
Iván Martínez González	Asiste

Coa presenza da Interventora municipal, Ana María Gómez Peña.

Actuando como secretario accidental - en ausencia da titular - o funcionario D. Diego Seijo Alonso, en virtude do nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral





Concello de Mugardos
(A Coruña)

de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e de acordo coa comunicación efectuada á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia en data 21.07.2023 ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 2023-0695, de data 21.07.2023.

No Salón de Sesións do Concello pola Presidencia declárase aberta a sesión sendo as nove horas, primeira convocatoria.

1.- SECRETARÍA.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 05.07.2023 (2023-0011).- Iníciase este punto da orde do día dando conta da acta da sesión realizada polo pleno con data 05.07.2023 para os efectos establecidos no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de febreiro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e sendo sometida a votación ordinaria polo voto favorable dos trece membros presentes sendo trece o seu número total de membros, o Pleno prestou aprobación á indicada acta.

2.- SECRETARÍA.- MOCIÓNS URXENTES.

Non se formulan.

3.- SECRETARÍA.- DAR CONTA DOS ESCRITOS DE ADSCRICIÓN DE CONCELLEIROS/AS DOS DISTINTOS GRUPOS MUNICIPAIS ÁS COMISSIONS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Dáse por realizado o trámite.

4.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES. Por parte do secretario accidental dáse lectura á dilixencia de 19.07.2023:

“EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Uniuse certificación do acordo ao expediente, publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia e poñéndose a disposición na sede electrónica do Concello e no Rexistro Xeral do Concello o formulario “Participación na elaboración da Normativa”, procedéndose, así mesmo, á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no portal de transparencia, nos que estaría dispoñible o certificado do acordo e os informes técnicos municipais, sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación alguna, constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal extremo. Tense publicado no Boletín Oficial da





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

Provincia núm. 19, de data 27.01.2023, anuncio da aprobación definitiva do Regulamento de réxime interior da Escola Infantil Municipal (EIM) As Lagoas, dándose traslado do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 213 de 10.11.2022, para os efectos establecidos no artigo 65.2º da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local, á Subdelegación do Goberno en A Coruña e á Dirección Xeral da Administración Local da Xunta de Galicia, así como do texto íntegro do mesmo, e para os efectos do seu visado, ao Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social; téndose estendido dilixencia por esta secretaría, con data 06.06.2023, unha vez efectuada consulta ao servizo de Inspección da Consellería de Política Social e Xuventude, para facer constar que polo citado servizo se traslada a necesidade de contar co preceptivo visado para a súa aplicación á EIM As Lagoas e como tal se traslada verbalmente ao Servizo de Benestar Social e Igualdade a necesidade de seguir aplicando as disposicións do Regulamento previo á modificación, e sen que no día da data da presente dilixencia se teña coñecemento da cumprimentación do preceptivo trámite de visado.

PROTOCOLO E CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS PARA A XESTIÓN DO “COMPLEXO DEPORTIVO O CASTRO”. Uniuse ao expediente certificación do acordo adoptado así como borrador de convenio e anexo I Memoria-Programa con dilixencia de aprobación polo Pleno da Corporación, téndose comunicado a adopción do citado acordo ao Concello de Ares e recibido comunicación do Concello de Ares relativa ao acordo adoptado polo citado concello.

EXPEDIENTE 220/2023. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MC 01/2023, DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. Uniuse certificación do acordo ao expediente publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación algunha, constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal extremo, téndose publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 77, de data 24.04.2023, anuncio de aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos MC 01/2023 de créditos extraordinarios e suplementos de créditos.

EXPEDIENTE 219/2023. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MBEO 01/2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación algunha, constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal extremo, téndose publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 77, de data 24.04.2023, anuncio de aprobación definitiva do expediente de modificación das Bases de Execución do





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Orzamento Xeral MBEO 01/2023.

APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE MUGARDOS. Uniuse certificación do acordo ao expediente e publicouse anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, poñéndose a disposición dos interesados, no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello (<https://mugardos.sedelectronica.gal/info.8>) e no seu portal de transparencia (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency/f04e70fa-0330-4362-90c0-b009648a5893/>), o certificado do acordo plenario e os informes técnicos municipais, atopándose o resto do expediente a disposición dos interesados na Secretaria Xeral deste Concello, e comunicándose a adopción do citado acordo, de xeito individualizado, ao persoal integrante do Grupo de Emerxencias Supramunicipal; sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación algunha, constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal extremo, téndose publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 95, de data 22.05.2023, anuncio de aprobación definitiva da modificación puntual da relación de postos de traballo do Concello de Mugardos, e téndose remitido a documentación xustificativa da aprobación da citada modificación á Administración Xeral do Estado e á Comunidade Autónoma.

EXPEDIENTE 1279/2021. POS+ 2021. APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO DAS OBRAS DE PISTA MULTIDEPORTE E PARQUE INFANTIL EN O BAÑO TRAS REQUERIMENTO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA. Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de subsanación de deficiencias; téndose prestado aprobación ao citado proxecto polo Pleno da Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 26 de maio de 2023, o que supón a eliminación da actuación na pista multideporte e deixar unicamente o parque infantil.

EXPEDIENTE 791/2023. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 01/2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente, acordándose ordenar o pagamento da factura con núm. de documento CI0920496299, incluída no citado recoñecemento extrajudicial, e procedéndose a efectuar o pagamento da mesma.

EXPEDIENTE 844/2023. RECTIFICACIÓN 18ª DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS E REFUNDIDO DAS RECTIFICACIÓNS 1ª Á 18ª, AMBAS INCLUSIVE. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do mesmo, xunto co “Anexo I.- Rectificación 18ª do inventario de bens e dereitos. Altas e variacións patrimoniais durante o periodo comprendido do 01.01.2020 ao 31.12.2022”, á Administración Xeral do Estado e á da Comunidade Autónoma, téndose comunicado pola Subdelegación do Goberno na Coruña que se deu traslado





Concello de Mugardos
(A Coruña)

do mesmo á sección de Patrimonio do Estado da Delegación de Economía e Facenda de A Coruña

MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE COMPENSACIÓN Á SOCIEDADE AMIGOS DA PAISAXE GALEGA E APLICACIÓN DUNHA BONIFICACIÓN DA COTA ÍNTEGRA DO IMPUESTO SOBRE BENS INMOBLES. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Concelleira da Área de Facenda e Promoción Económica copia da moción presentada e certificación do acordo adoptado.

EXPEDIENTE 2676/2022. MODIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS+ 2023”. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do mesmo á Deputación Provincial de A Coruña; téndose aprobado, polo Pleno Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria realizada o 26 de maio de 2023, o **PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2023.**

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS+ADICIONAL 1/2023 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS”. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do mesmo á Deputación Provincial de A Coruña; téndose aprobado, polo Pleno Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria realizada o 26 de maio de 2023, o **“Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2023 para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023”.**

MOCIÓN DO PsdG-PSOE INSTANDO Á CONCESIÓN DUN APRAZAMENTO Á EMPRESA TRIVIUM PARA A ADAPTACIÓN DO PERSOAL AS CONDICIÓNS DE LICITACIÓN. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Concelleira da Área de Cultura, Deportes e Turismo copia da moción presentada e certificación do acordo adoptado.

PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

CREACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES. Uniuse certificación do acordo ao expediente, requíndose aos voceiros dos grupos municipais para que designasen os membros do seu partido que integrarían as comisións informativas permanentes, téndose designado por estes aos integrantes das mesmas e téndose convocado sesión extraordinaria (constitutiva) das citadas





Concello de Mugar dos
(A Coruña)

comisións.

NOMEAMENTO CONCELLEIROS/AS PARA REPRESENTAR Á CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS. Uniuse certificación do acordo ao expediente

ADICACIÓNS, DIETAS, ASISTENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS. Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse o réxime de adicación á Alcaldía, á Concelleira Delegada de Facenda e Promoción Económica e ao Concelleiro Delegado de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs, tendo sido aceptado pola Alcaldía e polos citados concelleiros/as o réxime de adicación, e publicándose o acordo adoptado polo Pleno da Corporación no Boletín Oficial da Provincia núm. 132, de data 12.07.2023, así como na páxina web municipal, no taboleiro de edictos do Concello e no Portal da Transparencia.

CREACIÓN MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

EXPEDIENTE 1041/2023. SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE PARA ACTIVIDADES PRIVADAS. Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse o acordo adoptado ao interesado.

5.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O 2023-0362 AO 2023-0683. Dáse conta ao Pleno das resolucións de alcaldía e concellerías delegadas dende o derradeiro pleno ordinario comprendendo as numeradas entre o 2023-0362 ao 2023-0683.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Con carácter previo ao inicio deste punto da orde do día o Alcalde traslada que en aplicación do establecido no artigo 61 do ROM as preguntas de resposta oral presentadas non poden entrar na orde do día por non terse presentado coa antelación mínima establecida no citado artigo.

Rogos

José Ángel Martínez Bardanca, voceiro do grupo municipal PsdG-PSOE formula os seguintes rogos:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- Que se atenda á limpeza e ao corte de malezas nalgúns sitios do pobo nos que non se fixo durante todo o ano e noutros sitios onde si se fixo algún mantemento aínda que claramente insuficiente, así como nos lavadoiros e fontes municipais que se foron arranxando durante este periodo, nos accesos á praia, no aparcadoiro da Rúa Castelao e diante do Casino.
- Que se atenda a limpeza dos contenedores no peirao, os que están en superficie, que se tapen, aínda que en xeral no pobo hai problema co mal olor dos contenedores.
- Que se leve a comisión algunhas cuestións que veñen nas resolucións da alcaldía e dos concelleiros tales como os levantamentos dos reparos da intervención, xa que nalgúns dos informes non veñen especificadas as facturas, o expediente da sanción do Río Baa, o Plan Concertado de Axuda á Dependencia, o procedemento de contratación do servizo para a execución da Festa do Polbo e merendas de Beiramar e por último o POS+ 2023 que incluía Casás, Roibeiras e Simou para así poder ver como quedaría o expediente.
- Dado que non se pasaron durante o presente ano os recibos da auga nin tampouco os rodaxes, que a nova concelleira da área cumpra coas súas facultades de aprobación dos padróns fiscais e tributarios, que os periodos de cobro, sobre todo, e o calendario fiscal se aclaren na vindeira comisión de facenda e que trate que estes cobros se realicen o antes posible.

Verónica Fernández Varela, voceira do grupo municipal BNG, formula os seguintes rogos:

- Se informe no órgano Colexiado que corresponda do estado de execución das obras da Escola Infantil de As Lagoas.
- Se informe do desglose de custos e avaliación dos resultados das festas de Mugardos, do Polbo e do Carme.
- Se informe sobre o estado de contratación da limpeza de praias e o estado de xestión da contratación do APROL.
- Se informe sobre o estado de contratación da Oficina de Turismo.
- Se informe no órgano Colexiado pertinente das incidencias que houbo no proceso de inscrición e no desenvolvemento da actividade do campamento





Concello de Mugardos
(A Coruña)

de verán.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e dezasete minutos do vinte e seis de xullo de dous mil vinte e tres o alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretario accidental dou fe.

Mugardos, documento asinado dixitalmente á marxe.

Visto e praxe
O alcalde

O secretario Accidental

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Diego Seijo Alonso

